



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 15 DE FEBREIRO DE 2016**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día quince de febreiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan González Leirós, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1108 de data 23 de xuño de 2015: dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 8 de febreiro de 2016**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 8 de febreiro de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros que asisten a esta sesión, aprobou o citado borrador.

### **2º.- Boletíns e correspondencia**

- Resolución do 1 de febreiro de 2016, do Consello de Contas de Galicia, pola que se ordena a publicación do Acordo do Pleno do 27 de xaneiro de 2016 polo que se aproba a instrución relativa ao artigo 218.3 do texto refundido da Lei de facendas locais, en relación coa información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa. (Diario Oficial de Galicia número 26, do 9 de febreiro de 2016).

- Resolución do 10 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral do Tesouro, Ministerio de Economía e Competitividade, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución de 31 de xullo de 2015, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. (Boletín Oficial do Estado número 36, do 11 de febreiro de 2016).

### **3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 5 ao 11 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da alcaldía número 154/2016 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente número 189/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
154/2016	05/02/2016	Recurso contencioso-administrativo, procedemento abreviado número 0000225/2015. Emprazamento ao Xurado de Expropiación de Galicia.
155/2016	05/02/2016	Convocatoria Xunta Goberno Local do día 8 de febreiro de 2016
156/2016	05/02/2016	Aprobar os proxectos corrixidos "Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre" e "Actuacións de mellora e aforro no alumeadado público nas parroquias de Anceis, Brexo, Cambre e Cecebre. Cambre 2015", incluídos no POS 2016 principal e complementario
157/2016	05/02/2016	Solicitar unha axuda por importe de 34.315,63 €, ao abeiro da Resolución do 23 de decembro de 2015 do Director do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (DOG núm. 248 do 30 de decembro de 2015), para a execución da actuación denominada "Instalación de caldeira de biomasa no Centro Municipal de Formación"
158/2016	05/02/2016	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: BNMJTFA
159/2016	05/02/2016	Autorizar a venda ambulante ocasional nas festas do Entroido os días 08 e 09 de febreiro
160/2016	05/02/2016	Escolas de actividade física e saúde 2016 mes xaneiro. Aprobar as liquidacións do prezo público por un importe total de 3328,30 euros
161/2016	08/02/2016	Conceder a axuda recibo luz por importe de 82,52 euros e recibo de aluguer por importe de 350 euros. Solicitante: PAG
162/2016	08/02/2016	Conceder a axuda de vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CU
163/2016	08/02/2016	Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SBB
164/2016	08/02/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: DII (P3438)



165/2016	08/02/2016	Novas solicitudes para uso dos locais de ensaio musical 2015-2016 III. Solicitantes: LM, P, M, CHM, BH
166/2016	08/02/2016	Solicitar unha axuda por importe de 5.700,00 euros ao abeiro da Resolución do 23 de decembro de 2015 do Director do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestructuras para proxectos enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 e se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2016 (DOG núm. 247 do 29 de decembro de 2015), para a execución da actuación denominada "Instalación solar térmica para a produción de AQS no campo de fútbol Once Caballeros"
167/2016	08/02/2016	Solicitude autorización apertura da urna sinalada coa letra "C" do panteón perimetral número 27, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver do seu irmán don MRM o día 2/2/2016. Solicitude: JRM
168/2016	08/02/2016	Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCRC
169/2016	08/02/2016	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por Instalaciones Técnicas Publicitarias, S.L., para a colocación de dous valos publicitarios na finca sita na rúa Tapia, 54, O Temple
170/2016	08/02/2016	Expediente de orde de execución 2015/I002/000035. Iniciar expediente a don ASG para roza de maleza en finca situada nos Campóns, Sigrás
171/2016	08/02/2016	Expediente de orde de execución 2015/I002/000081. Iniciar expediente a ACB para rectificar deficiencias finca situada nos Campóns, Sigrás.
172/2016	08/02/2016	Expediente de orde de execución 2015/I002/000070. Iniciar expediente a FAC para rectificar deficiencias finca situada en Estorrentada, Cambre
173/2016	08/02/2016	Expediente de disciplina urbanística 2016/I002/000003. Suspende inmediatamente obras reforma de vivenda e porche sen licenza en Volteiro, Cecebre de don ACQ e IMM
174/2016	08/02/2016	Expediente sancionador 2016/I001/000002 Iniciar procedemento sancionador a ACQ e IMM por obras de reforma de vivenda e porche sen licenza en Volteiro, Cecebre
175/2016	08/02/2016	Expediente de disciplina urbanística 2014/I002/000105. Desestimar alegacións MCE por obras cerramento en Peirao, Bribes
176/2016	08/02/2016	Atribución temporal de funcións á auxiliar administrativo dona



		RLV na Alcaldía do Concello de Cambre
177/2016	10/02/2016	Expediente de transferencia de crédito número 2/2016. Área de gasto 9. Aprobar o expediente por un importe de 55.000,00 euros
178/2016	10/02/2016	Expediente de orde de execución 2015/I002/000068. Iniciar expediente a MTM para roza maleza en Sarnoso, Brexo-Lema
179/2016	11/02/2016	Expediente sancionador 2015/I001/000018. Estimar as alegacións de don VC por instalación e uso de aparellos de música na rúa Rio Brexa, A Barcala, e arquivar o expediente
180/2016	11/02/2016	Declarar a responsabilidade da empresa URBASER nos danos ocasionados no vehículo con placas de matrícula 0192CRW, propiedade de dona SSM, o día 24 de decembro de 2013, ao caerlle enriba, segundo consta no informe emitido pola policía local, un cartel informativo pertencente ás obras de mellora das rúas Pígara e Francisco Rodríguez, á altura do colexio público do Graxal, parroquia do Temple
181/2016	11/02/2016	Delegar as funcións no primeiro tenente de alcalde Juan González Leirós dende o día 12 ao 19 de febreiro, ambos os dous incluídos
182/2016	11/02/2016	Conceder os anticipos aos funcionarios de carreira do Concello de Cambre: CNP, RNF e MdelMdeJS
183/2016	11/02/2016	Aprobar as facturas e recoñecer as obrigas con reparos da Intervención (S&N J S.C. e máis) por importe total de 76.029,34 euros
184/2016	11/02/2016	Aprobar as cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre
185/2016	11/02/2016	Expediente de disciplina urbanística 2016/I002/000004. Suspende inmediatamente actos construción reforma de alpendre e cerramento a CGS e NMM en Bribes Pequeno, Bribes
186/2016	11/02/2016	Expediente sancionador 2016/I001/000003. Iniciar procedemento sancionador a CGS e NMM por obras de construción reforma de alpendre e cerramento en Bribes Pequeno, Bribes
187/2016	11/02/2016	Expediente de disciplina urbanística 2015/I002/000206. Suspende inmediatamente actos construción a JFRL por construír cerramento sen licenza na Rocha, Anceis
188/2016	11/02/2016	Expediente sancionador 2015/I001/000053. Iniciar procedemento sancionador a JFRL por construír cerramento sen licenza na Rocha, Anceis
189/2016	11/02/2016	Expediente de orde de execución 2014/I002/000217. Ordenar a JLMM para rectificar deficiencias en finca situada en Bandedó, Brexo



#### **4º.- Informes doutros asuntos de área**

##### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares**

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Luns, 8 de febreiro. Polideportivo do Temple. Festa infantil cunha duración de tres horas. Asistiron unhas 600 persoas.
- Martes, 9 de febreiro. Polideportivo Sofía Toro, Cambre. Festa con xogos tradicionais e chocolate. Asistiron ao redor de 500 persoas.
- Xoves, 11 de febreiro. Charla coloquio coa escritora Nieves Abarca, na Casa da Cultura Villa Concepción. Asistiron 45 persoas.
- Venres, 12 de febreiro. Concerto, no Campo da Feira de Cambre, da Banda de Música Sementeira.
- Sábado, 13 de febreiro. Entroido pequeno en Cambre. Circuito pechado: saída das naves de Cela e remate no Campo da Feira de Cambre das comparsas e das carrozas. Inscribíronse sete carrozas e oito comparsas. Sen incidencias salientables e boa cantidade de público tendo en conta as adversas condicións climatolóxicas. Sen incidencias salientables.

##### **Informes da concelleira delegada da área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre**

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- O venres día 5 o coordinador de deportes e a concelleira de Deportes foron convidados a visitar as instalacións deportivas e a piscina do Concello de Sada.
- O sábado 6 tivo lugar a Copa Coca Cola Cadete de fútbol nos campos Lendoiro Barcala e Dani Mallo. Colaboraron o Sporting Cambre, que participou na competición e os 11 Caballeros.
- O domingo 7 ás 9:00 tivo lugar a saída en autobús dentro da actividade Viaxe á neve. Regreso o venres 12 pola noite. Houbo un cambio de destino na estación de esquí, en lugar de Candanchú que estaba con moi pouca neve, cambiouse a Astún. A empresa encargada presentou por escrito no rexistro os motivos, o que non supuxo ningún cambio con respecto do ofertado.
- Na Casa da Xuventude tiveron lugar nas vacacións escolares as actividades de Entroido. Venres 5, festa de entroido; luns 8, obradoiro de maquillaxe e saída á festa de Entroido no pavillón do Temple; mércores 10, entroidadas; venres 12, enterro da sardiña.
- O venres 19 de febreiro en horario de tarde na Casa de Xuventude, dentro do programa Por fin é venres, terá lugar a actividade campionato de fútbolín.





E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia